



PROPOSTAS PARA ÁS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS 12 XULLO 2020

Hoxe en día existe un consenso xeral entre gobernos, organismos internacionais e sociedade civil que recoñece a saúde como un dereito en si mesmo e como unha condición esencial para a equidade e o desenvolvemento sostible.

Por outra banda, non se pode falar de saúde sen facelo dos determinantes sociais da saúde como a pobreza, a vivenda, a desigual repartición da riqueza, o poder e os recursos- incluíndo as desigualdades de xénero-, educación, emprego digno ou a protección social.

En Médicos do Mundo- Galicia traballamos nun labor de defensa do dereito á saúde mediante a atención, a recollida de testemuñas e a denuncia. Reivindicamos a saúde dende un enfoque de dereitos humanos, de xénero, de interculturalidade, de integración social solidaria e de aumento de poder. Con este enfoque defendemos:

- A saúde como un dereito humano fundamental
- A responsabilidade dos gobernos de garantir o acceso á atención sanitaria de calidade, á educación e a outros servizos sociais acorde coas necesidades da poboación, independentemente da súa situación de regularidade ou irregularidade administrativa e do seu nivel socioeconómico.
- A participación da poboación e as organizacións nas que se articula, na formulación, posta en práctica e avaliación de todas as políticas e programas sociais e de saúde.
- A saúde como resultado final dunha serie de determinantes, entre eles o ámbito político, económico, social e físico.

Nestes últimos anos foron moitas as ocasións onde denunciámos as vulneracións do dereito á saúde e a importancia das políticas encamiñadas a fortalecer o sistema sanitario para garantir á poboación **unha sanidade pública, universal e de calidade**. Agora lamentamos que a crise desatada pola COVID-19 teña posto en evidencia a importancia das nosas reivindicacións. Se ben é certo que a pandemia actual constitúe un escenario sen precedentes ante o que ningún país do mundo ten demostrado estar preparado, a limitada capacidade de resposta non é consecuencia unicamente da excepcionalidade. As políticas sanitarias da última década, marcadas por unha constante caída da financiación da sanidade pública e o avance de modelos privatizadores teñen debilitado notablemente a capacidade de resistencia do noso sistema sanitario.

En calquera caso, **a prevención constrúese día a día desde o reforzo dunha Atención Primaria infravalorada e infradotada, así como dun sistema social solidario e inclusivo**. Unha das leccións que debemos extraer desta traumática experiencia é que existe un vínculo moi estreito entre a saúde individual e a comunitaria. Por esta razón **resulta imprescindible que o sistema de protección integre a todas as persoas que viven no territorio, particularmente ás máis**



vulnerables, sen discriminacións e sen deixar a ninguén atrás. Isto non só exige contar cun sistema sanitario universal que recoñeza o pleno dereito de todo o mundo á protección da saúde , independentemente da súa situación administrativa, senón tamén cunha ampla rede de servizos sociais que incidan sobre os determinantes sociais da saúde, garantindo a toda a poboación unhas condición de vida dignas que constitúen en si mesmas a prevención máis efectiva fronte á enfermidade.

As vindeiras eleccións autonómicas do 12 de xullo 2020 son unha nova oportunidade para aplicar políticas que avancen cara a equidade, a igualdade, a solidariedade e, en definitiva, cara ao goce dos Dereitos Humanos por parte da cidadanía. Deste xeito, propoñemos a todas as persoas candidatas a asunción das seguintes propostas:

1.- ACCESO AO SISTEMA SANITARIO:

1.1 Garantir o Dereito á Saúde, eliminando as barreiras para o acceso á cobertura sanitaria universal, especialmente na poboación migrante:

- Interpretando de forma universal e inclusiva o RDL 7/2018, garantindo a tramitación de tarxetas sanitarias a todas as persoas que residen en Galicia.
- **Eliminar os requisitos de acceso** específico para determinadas situacións que xa estarían contempladas nunha interpretación inclusiva da lei, tais como: asistencia para mulleres embarazadas, menores, vítimas de trata e persoas con enfermidades graves.
- Facilitando a coordinación entre os servizos sanitarios e sociais e asegurando o coñecemento dos trámites precisos para garantir o acceso, incluída a axilización na realización dos informes sociais.

1.2 Asegurar a dispoñibilidade, accesibilidade, adaptabilidade e calidade do Sistema Público de Saúde:

- Reforzando a Atención Primaria de Saúde e Comunitaria (APSC) como pilar esencial, considerándoo o eixo do sistema sanitario. Promocionando a actividade relacionada coa saúde comunitaria, incorporándoa como parte das políticas de saúde e da carteira de servizos. Realizando programas de prevención e de promoción da saúde, cooperativos coa sociedade, que garantan unha cobertura sanitaria universal adaptada ás necesidades e peculiaridades de cada persoa, actuación imprescindible para as persoas en situación de exclusión severa.
- Potenciando a Saúde Pública e mellorando a súa capacidade de resposta ante futuras pandemias, pero tamén reforzando o seu papel preventivo desde unha perspectiva de determinantes sociais de saúde. Mellorando a coordinación da APSC coa Saúde Pública, sendo APSC a fonte principal de información epidemiolóxica



cunha maior implicación e retorno da información mediante mapas epidemiolóxicos. Poñendo en práctica actividades e conceptos de Saúde Pública en todos os niveis do sistema educativo, dentro da formación regulada.

- Garantindo a disposición de infraestruturas e equipamentos (tanto persoais como materiais) axeitados nos centros sanitarios, que garantan a accesibilidade e a calidade da atención sanitaria a toda a poboación e que permitan garantir a seguridade no caso de epidemias.

2.- DESIGUALDADE DE XÉNERO:

2.1 Incluir na Aplicar a Lei Galega 11/2007, revisada en xullo 2016 sobre Prevención e tratamento integral da violencia de xénero en todas as mulleres e nenas vítimas de trata ou explotación sexual en Galicia.

- Asistencia xurídica letrada para vítimas de trata para que sexan asistidas en todo o proceso.

- Elaborando e poñendo en práctica un plan de apoio e protección que contemple medidas no ámbito sanitario e psicolóxico, no ámbito xudicial (asistencia xurídica e letrada), no ámbito da formación e o emprego, acompañado de medidas de carácter económico para as vítimas de violencia de xénero, que inclúa tamén as mulleres prostituídas.

- Esixindo formación especializada en violencia de xénero (con especial atención ás vítimas de prostitución e trata) para profesionais sociosanitarios, e profesionais do ámbito policial e xudicial.

2.2 Implantar medidas de atención e protección das mulleres vítimas de violencia machista, en especial as que están en situacións máis extremas: prostitución ou exclusión severa, e implicar a toda a cidadanía na defensa da igualdade de xénero:

- Habilitando recursos habitacionais que fomenten a autonomía e a vida digna das mulleres en situación de prostitución, mulleres sen fogar, en infravivendas ou exclusión severa, con especial atención no caso de consumidoras de substancias nocivas e vítimas de violencia machista; que teñan en conta á carga de coidados de familiares que teñen as mulleres.

- Mediante a aplicación de formacións especializadas en violencia de xénero para as vítimas de prostitución, mulleres migrantes e sen fogar ou en situación de exclusión severa.

- Prohibindo e retirando a publicidade sexista en cumprimento da lei existente.



3.- DERETO Á VIVENDA:

3.1.- Erradicar o chabolismo e infravivenda e promover medidas contra o senfogarismo, o fomento do aluguer social e a prevención dos desafiuzamentos, aplicando metodoloxías encamiñadas á atopar solucións estables e definitivas, que combinen medidas de recollida, acompañamento e apoio social ás familias en todo o proceso.

- Propor accesibilidade á vivenda como tránsito a unha vida autónoma e de desfrute e participación plena na sociedade galega.
- Creando parques de vivendas autonómicas para situacións de emerxencia, así como de recursos de transición residenciais que garantan a intimidade en situación ou risco de exclusión social (persoas sen fogar, vítimas de desafiuzamentos ou de violencia machista, refuxiadas....).
- Mediante programas de axuda para facilitar o aluguer de vivendas á persoas ás que lles resulta imposible acceder ás mesmas por mor da súa condición de migrantes, exclusión severa...

4.- INCLUSIÓN E PROTECCIÓN SOCIAL:

4.1- Cambiar a Lei de Inclusión Social de Galicia para poder facer compatible a Renda de Inclusión Social (RISGA) co el Ingreso Mínimo Vital estatal (IMV). Asegurando que poida chegar a todas as persoas que o precisen, incluídas persoas en situación administrativa irregular ou en exclusión severa.

4.2.- Desenvolver Programas Autonómicos encamiñados á Inclusión Social, o respecto dos los dereitos humanos e a loitar contra do racismo, a xenofobia e outras formas de discriminación. Dirixidos á toda a cidadanía, en especial ás persoas implicadas na atención directa coas persoas migrantes polo seu desempeño laboral, prestando unha especial atención ao racismo social e institucional.

4.3.- Crear un programa de emprego autonómico para persoas en situación de exclusión, incluída a poboación migrante máis desfavorecida que contemple: a orientación, a formación prelaboral e laboral, a procura, o acompañamento, a inserción, o seguimento e a súa avaliación posterior para loitar contra a explotación laboral e facilitar os mecanismos de protección axeitados.

5.- COOPERACIÓN AUTONÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO EN PROXECTOS DE SAÚDE:

5.1- Garantir dotacións orzamentarias bastantes para a posta en práctica das políticas autonómicas de cooperación para o desenvolvemento, dando aos proxectos de saúde. Aumentando os recursos orzamentarios destinados a esta política pública ata chegar de forma paulatina ata o 0,4% do orzamento consolidado



ao fin do novo ciclo político (sempre co horizonte de acadar o compromiso internacional do 0,7%).

5.2.-Facilitar a dotación de fondos extraordinarios para actuacións de axuda de emerxencia e acción humanitaria con que facer fronte a catástrofes e desastres que acontezan nos países empobrecidos cos que se traballa desde Galicia, con especial foco na prevención e redución de riscos, e dotando a esta axuda de mecanismos áxiles e flexibles para a asignación dos mesmos.